

BIBLIOGRAFÍA

González Avión, E. S., "Narrativa de hoxe", *Dorna* 13, 1988.

GOLPARRO

Probable xograr galego, de identificación descoñecida. Os apógrafos italianos transmiten un só texto deste autor, unha cantiga de amigo do subxénero de romaría, que se refire ó santuario de san Creeçon, antigamente venerado en Tui, o que podería constituír unha pista para a localización do poeta.

BIBLIOGRAFÍA

GT 58; *Amigo* 479; TL 298

GOLPE VARELA, SALVADOR

(San Pedro de Oza-Betanzos, 1850-1909). Poeta rexionalista, autor de varias composicións sentimentais que foron musicadas. Estudiu Dereito en Santiago. O seu labor máis destacado dentro do galeguismo da época foi no xornalismo. Empezou colaborando co *Diario* de Santiago, baixo a dirección de Manuel Bibiano Fernández e xunto con Alfredo Vicenti, Álvaro López Mora, Rafael Villar e outros. Pasou a residir na Coruña, onde entrou na redacción de *El Comercio Gallego* e despois na de *El Clamor de Galicia*. En 1894 fundou a *Unión Gallega*, primeiro diario do rexionalismo galego. Integrante da Cova Céltica*, foi un dos colaboradores da *Revista gallega* (órgano periódico do grupo), fundador da Liga Gallega (organización que buscaba a defensa dos intereses morais, materiais, políticos, económicos e sociais de Galicia) e da Real Academia Gallega. Como creador literario a súa faceta máis salientable é a de poeta. En galego deixou poucos poemas, case todos eles pensados como letras de cancións. O máis famoso é o titulado "Dous amores", ó que puxo música o mestre Xosé Baldomir e

que aparece recollido en *Las mejores poesías gallegas* de E. López Aydillo. Salientan tamén as poesías recollidas por CR na "Antoloxía" da súa *Literatura gallega*, tituladas "Adiós a Galicia" (musicada por Juan Montes) e "Unha cita". É autor de varias publicacións que aínda estando en castelán son todas elas interesantes polo seu contido e enfoque galeguista; entre elas destacan *Memoria sobre el folklore gallego en 1884-85* (1886); *De la Coruña a la cárcel pasando por Galicia* (1894), que é a historia da Xunta de Defensa da Coruña dese ano contra a supresión da Capitanía Xeral, Xunta da que Golpe formou parte; *Patria y región* (1897) e *Regionalismo y lenguaje* (1902). Baixo o pseudónimo de Pedro de Merille publicou un *Refranero agrícola meteorológico gallego* (1906).

BIBLIOGRAFÍA

Vid. CC, CF, CR, GEG

GÓMEZ, DOMINGO

Forma parte, como poeta de circunstancias, da nómina dos precursores sen relevo ningún. Énos coñecida a "Canción" titulada "Dun aldeano ó príncipe Alfonsiño", inserida no *Álbum de la Caridad* (1862) despois de aparecer no volume *Viaje de SS. MM. y AA. por Castilla, León, Asturias y Galicia* (1860). Datada en Lugo en 1858, é un conxunto de fáciis octavillas agudas nas que se exhorta ós rapaces a render honras a un endeusado príncipe de Asturias.

BIBLIOGRAFÍA

Vid. CC

GÓMEZ, FUCO G.

(Becerreá, 1895; A Habana, 1972). Emigrado a Cuba dende neno, participou activamente nas publicacións da colonia galega fundamentalmente como editor, ata 1960, da revista mensual *Patria gallega*. Moi interesado polas cuestións lingüísticas